

Optimización dos traballos resineiros a través da estandarización do método mecanizado (MR331 FEADER 2022-022B)

1. Definición da metodoloxía de aproveitamento resineiro mecanizado

Ensaio realizado en catro parcelas, unha por provincia galega, con 428 piñeiros por parcelas, divididas en tres periodicidades: 14 días, 21 días e 28 días. Tamén se pon a proba unha pasta estimulante producida en Galicia, a pasta salicílica Asacif Plus formulada polo CIF Lourizán, para ser comparada coa pasta preta que Xagoaza Pinaster vén utilizando anos atrás. Péasase a produción de cada pica dada e obsérvase o seguinte:

- A periodicidade máis favorable é, en 3 das 4 parcelas, a de 21 días, sendo no litoral (parcela de Baroña) máis efectiva dando picas cada 28 días.
- Compróbase que a pasta negra é máis produtiva nos catro casos, sendo ademais, en termos de tempo de execución, máis recomendable debido á homoxeneidade e facilidade de aplicación.

Destílanse mostras provenientes das 4 parcelas experimentais, caracterízanse os seus resultados e compróbase o seguinte:

- A fracción volátil da resina consérvase dun xeito eficaz mediante o método mecanizado en bolsa, sendo as fraccións de pinenos máis abundantes nas mostras de resinación mecanizada

Destílanse en fábrica mostras provenientes das 4 parcelas experimentais e compróbase o seguinte:

- O tempo de cristalización da colofonia destilada en Xagoaza Pinaster supera as 4 h, o que sería unha vantaxe competitiva para moitos propósitos na industria de segunda transformación.

2. Estimación do potencial produtor resineiro dos montes galegos

A AFG realiza unha prospección e cartografía do potencial do monte galego.

- Estímase que existen en Galicia 71.658 ha con alto potencial resineiro e 16.301 con potencial medio para o resinado.
- Coas últimas técnicas, estímase que un resineiro podería recoller 2.500 bolsas de resina por semana nun ciclo de 35 días.
- Cada resineiro tería a capacidade de resinar 12.500 piñeiros nunha superficie aproximada de 20 ha (segundo a densidade do arboredo).
- Poderían xerarse máis de 4.000 empregos directos coa actividade resineira.

3. Deseño dun trade específico para a actividade resineira

Trabállase en mellorar a ferramenta para ser máis efectivo durante o protocolo de resinación .

Para iso búscanse os modelos estándar coas características máis adecuadas, tendo en conta potencia, batería, disipación, peso...

Recórtanse as fresas estándar e modifícanse os fíos, así como o diámetro, para adaptalas ao máximo ao procedemento e mesmo reducir o consumo de batería.

Conséguese finalmente picas máis rápidas e efectivas, ademais de reducir o número de bolsas caídas e rotas.

Desenvólvese un cargador solar para aproveitar o monte como estación de recarga de baterías.

Realízase un manual de seguridade e boas prácticas para o uso continuado do trade resineiro.

Para a mellora do material, Resinerxia dá lugar a unha nova bolsa que se proba ao cabo deste mesmo proxecto e noutras parcelas experimentais alleas a esta convocatoria. Os tempos de execución con esa bolsa son menores, xa que ao ser só un módulo e non necesitar levar ferramentas para a extracción, pódese chegar a realizar un traballo máis rendible e efectivo.

Para a recollida de resina, e tendo en conta os tempos de extracción a man das cestas de resina, adáptase un carretilla desmontable e autobasculante para levar ata 4 cestas. Esta nova ferramenta aforra ata 40 % de tempo nas xornadas de recolección.